

SISONS é un proxecto de gran interese para o sector cultural galego e do noroeste da península ibérica, polocalidade das propostas que se van a seleccionar, o obxectivo da súa difusión e a potenciación dos intereses conxuntos da música en Galicia.

Para iso, durante a celebración da feira/festival tratarase de buscar sinerxias con outras entidades para alcanzar outros públicos e reforzar a comunicación desde aspectos turísticos, ambientais, sociais, educativos colaborando con outros axentes e outras sensibilidades coa música e os seus valores.

CONVOCATORIA PROGRAMADORES E PROFESIONAIS SISONS ENCLAVE MUSICAL 2022

SISONS convida a programadores e profesionais do sector musical a participar en SISONS 2022. Trátase dun encontro aberto ao público que reunirá a profesionais do sector musical, contará con multitude de charlas, relatorios, showcases, concertos e actividades paralelas. O obxectivo principal é a dinamización da vida cultural e a promoción das actividades musicais e artísticas.

Por medio da presente convocatoria de carácter pública preténdese convidar a profesionais a presentar as solicitudes que lles permitirá participar nas actividades que levarán a cabo durante a celebración SISONS Enclave Musical 2022, e ter así a oportunidade de dar os primeiros pasos nun proxecto de diálogo, creación de novas formas de difusión e impulso da música en Galicia.

CRONOGRAMA DA CONVOCATORIA PROGRAMADORES

Apertura: 13 de Maio de 2022

Peche: 31 de Julio de 2022

Publicación de participantes: 15 de Agosto 2022

PARTICIPANTES

A presente convocatoria va dirixida aos profesionais do sector, responsables de programación, públicos e privados, responsables de programación de salas de concertos, responsables de programación de feiras e festivais entre outros.

PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

O proceso de inscrición deberá ser realizado a través da plataforma virtual www.sisons.gal

Para PROFESIONAIS e PROGRAMADORES:

1. Aceptar os termos e condicións da convocatoria, así como o manexo de datos por parte das entidades organizadoras do evento.
2. Completar e rematar a inscrición dentro do prazo establecido. Todas aquelas inscricións incompletas, rematadas fóra de prazo ou que non acepten as condicións ou termos establecidos quedarán excluídas do proceso.
3. Deberán acreditar, de maneira documental, que exercen un cargo de programador/a, xasexa público ou privado.
4. Mediante a inscrición, o participante autoriza á organización para realizar e publicar fotografías dos asistentes nos actos nos que intervén, coa finalidade de promocionar e difundir o evento.

PARTICIPACIÓN DOS PROFESIONAIS EN RODAS DE NEGOCIO

Para a participación nas sesións de roda de negocios, que terán lugar o venres 14 de outubro de 10:00 h a 11:30 h e o sábado 15 de outubro de 11:00 h a 12:30 h, e cunha duración aproximada de 10 minutos, os programadores que queiran participar de maneira activa, poderán expresalo na casa correspondente do formulario de inscrición, co propósito de ter un diálogo proactivo sobre os novos retos, inquietudes e proxectos do ecosistema musical. Esta actividade non terá custo de inscrición para os programadores.

No caso de querer participar de maneira activa, os programadores deberán especificalo no formulario de inscrición.

SOBRE AS MOSTRAS ARTÍSTICAS

SISONS programará presentacións promocionais que serán de 30 minutos de duración, relatorios... ademais levarán a cabo rodas de negocios, onde oferentes e demandantes poderán expoñer as súas inquietudes e lograr alcanzar unha converxencia nos intereses de ambos.

As presentacións planificadas serán realizadas polos artistas seleccionados pola organización e estarán dirixidas a programadores profesionais e participantes de SISONS en xeral.

DEREITOS E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Os e as participantes na convocatoria comprométese coa organización do evento a:

- Cumprir as normas de protección dos dereitos de autor con todos e cada un dos produtos, obras artísticas, interpretacións ou execucións artísticas, que formen parte das propostas presentadas.
- Certificar de maneira documental que todos os programadores, sexan públicos ou privados, no momento da execución de SISONS, atópanse cumprindo a normativa laboral e administrativa, presentando calquera documentación referida á actividade, solicitada pola organización de SISONS no prazo e forma que esta determine.

- Aceptar as bases e o regulamento da convocatoria, así como calquera aclaración ou modificación dos mesmos.
- Cumprir coas condicións sinaladas no presente documento, sendo entendido que o participante deberá practicalas durante todo o termo da convocatoria.
- Se nalgún momento o solicitado incumpre unhas destas condicións, poderá ser excluído da convocatoria.
- Aceptar o resultado da convocatoria e participar activamente
- Asistir e participar en SIONS 2022 que se realizará entre o 13 e o 16 de outubro en Santiago de Compostela.
- Os programadores profesionais interesados en participar nos actos e actividades establecidas, deben ter en conta que a organización asumirá os gastos de pernoita e manutención dos asistentes para os días 13 e 14 de Outubro.

Importante: Desde a organización sufragarase os gastos de pernoita e manutención correspondentes a 30 prazas para programadores.

DEBERES DA ORGANIZACIÓN

- Proporcionar espazos debidamente acondicionados para as diferentes actividades organizadas para a participación dos programadores.
- Elaborar un plan de traballo coordinado que permita unha correcta execución das ponencias, speedmeetings e showcases.
- Convocar e convidar a programadores, produtores e demais profesionais interesados na oferta cultural.
- Organizar e coordinar o SIONS 2022 que se desenvolverá do 13 ao 16 de Outubro de 2022 en Santiago de Compostela.

Para máis información achega do proceso de inscrición para artistas e profesionais poden poñerse en contacto co correo electrónico:

info@sisons.gal

Colaboran:

MusicArte

